



## TRANSCANTÁBRICA: SAN CIBRAO-VIVEIRO

Club de Montaña O Carroucho

2 de Xullo de 2016

**E**mpezamos na praia de Lago en San Cibrao para seguir a costa de Morás. Aínda que non o vexamos, o perigoso encoro de lodos férricos de residuos de Alúmina apunta o seu dique cara á praia. En caso de rotura tardaría só unha hora en alcanzar o mar.

Camiñamos en dirección á punta de As Santas, deixando a pequena praia e o portiño de Morás á nosa esquerda e avanzamos cara ao espigón que garda o porto de San Cibrao. En varios puntos vemos acumuladas as características pezas de cemento en forma de T ou tetrapodos que conforman o espigón. Chegamos a punta



Arxente onde apreciamos o illote Ansarón e as pequenas Salseiras, gozando das vistas sobre o mar. Ímonos atopando con algunha cala dispersa ata chegar ao pequeno estuario e porto de Portocelo, porto e estua-

rio onde desauga o rego dos Españaños.

O noso camiño pasa xunto ás ruínas do mosteiro de San Tirso, a poucos metros de punta Mexilude e coa vixilancia da illa da Cal. Manuel Gago menciona que o mosteiro foi construído no século VIII por Rodrigo, un diácono de Coimbra que fuxiu da invasión árabe. Foi levantado sobre un castro do que se aproveitou e ampliou o foso de defensa, que illa a península que ocupan as ruínas e a da súa beira, enlazando estes fosos defensivos a través das furnas. Toda esta zona está sen estudar, pero varios arqueólogos atopan en fotos aéreas dos anos 50 indicios claros desta hipótese.

Pasaremos por un desvío cara ao faro de punta Roncoadoira desde o que as vistas da zona cara á enseada e

### Datos Básicos

Comezo:	Praia de Lago
Remate:	Viveiro
Distancia lineal:	30 km.
Duración aprox.:	7 horas
Dificultade:	Media
Altura máxima:	132 m
Altura mínima:	0 m
Acumul.:	↗1177 m / ↘1177 m

praia do Coido merecen a pena.

A ruta lévanos agora cara ao interior, pasando por Vilachá cruzando pistas que nos deixan na costa á altura de punta Meitón. É posible deixar Vilachá de lado e rodear polo lado da costa, desesa forma poderemos ver punta Fontáns, punta da Mansa e os illotes de Os Netos, pasar pola praia de Muiñelo e punta Campanario e achegarnos desde a costa á magnífica praia de Esteiro, xa no concello de Xove.

Seguimos ata a punta de Pardiñas que dá abrigo á pequena cala de Porto Novo e punta de Campo Millán. Podemos esquivar o miradoiro de



Monte Faro pero perderíamonos as espectaculares vistas sobre a ría de Viveiro que nos ofrece. Entre outras a do faro de punta Candelaria case aos pés do monte. Desde Faro comezamos a camiñar cara á

praia de Area coa illa no medio da súa enseada que empeza a verse desde moi pronto. Atravesamos diversos barrios ou parroquias, ata chegar a Punta Arnela. A praia esténdese entre Faro e Augadoce.

Percorremos a punta da Terra de Pedra que nos separa de Celeiro. Cruzamos polo centro urbano e porto de Celeiro. Tras un breve percorrido chegamos a Viveiro. Percorremos o paseo marítimo cruzando a ponte ata a praia de Covas e cunhas cañas no animado barrio de Covas finaliza a nosa ruta.



Próxima cita:

10 Setembro  
Castelo de Pambre



www.carroucho.org